

MOBILIDADE ERASMUS+ PARA PERSOAL DOCENTE

CICLOS DE GRAO MEDIO

CURSO 2023/2024

PROXECTO: 2022-1-ES01-KA121-VET-000051606

CONVOCATORIA PARA PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN

Obxecto da convocatoria:

O Equipo de Programas Internacionais convoca o profesorado de ciclos formativos DE GRAO MEDIO do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nunha mobilidade Erasmus+.

Requisitos de participación e obrigas

Quen pode solicitar a mobilidade?

Profesorado que imparte docencia en **ciclos formativos de grao medio** e que ten destino definitivo no centro ou ten concedida unha praza para todo o curso académico (adxudicación provisional, interinidade, permuta, comisión de servizos, etc.).

Que obrigas ten a persoa seleccionada?

Antes da mobilidade:

- Buscar e contactar co centro de acollida para realizar a mobilidade.
- Realizar as xestións loxísticas necesarias (aloxamento, transporte, pagamento do curso se procede, deseño do programa de traballo, etc.)
- Obter a Tarxeta Sanitaria Europea.
- Contar cun DNI ou Pasaporte en vigor durante o tempo da mobilidade.
- Subir á aula virtual do centro, en tempo e forma, a documentación solicitada relacionada coa mobilidade (acordo de aprendizaxe individual, DNI ou Pasaporte, Tarxeta Sanitaria Europea)
- Contratar unha póliza de seguros coas seguintes coberturas e subila na tarefa correspondente na aula virtual:
 - Seguro de viaxe.
 - Responsabilidade civil.
 - Accidentes e enfermidade grave. (Incapacidade temporal ou permanente)
 - Defunción. (Repatriación)
- Manter informado por enderezo electrónico ó Equipo de Programas Internacionais sobre:
 - As xestións que está a realizar relacionadas cos aspectos loxísticos.
 - As datas de inicio e fin da mobilidade, o centro de acollida e o programa de traballo.

DEPARTAMENTO DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS

Durante a mobilidade:

- Comunicar ó Equipo de Programas Internacionais, o máis axiña posible, calquera incidencia ou problema xurdido.
 - Despois da mobilidade *no prazo máximo de 15 días*:
 - Xustificar ó Equipo de Programas Internacionais ter realizado a viaxe e achegar a totalidade dos documentos requiridos (realizar a entrega a través da aula virtual e fisicamente):
 - Certificado da institución de destino sobre a estancia ou a formación recibida (con indicación de datas, horas e actividades realizadas)
 - Documentos xustificativos da viaxe (tarxetas de embarque, billetes ou similares, ou declaración xurada en caso de uso de vehículo particular)
 - Memoria descritiva da mobilidade recollendo as experiencias máis salientables, incluíndo fotografías do lugar de destino no que apareza o docente e, se é posible, na institución de acollida.
 - Encher a enquisa de valoración da mobilidade Erasmus (EU Survey). (Recibirase un correo electrónico da Comisión Europea ao rematar a mobilidade)
 - Participar nas actividades de difusión para as que sexa requirido polo Equipo de Programas Internacionais do centro, dando a coñecer a experiencia vivida e as aprendizaxes adquiridas.
- (Non realizar algunha destas tarefas no tempo establecido, implicará a súa eliminación do proceso selectivo nas seguintes convocatorias ata que estas sexan realizadas e entregadas)***

Rescisión da mobilidade:

En caso de retraso e/ou incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta Convocatoria por parte da persoa seleccionada, o Equipo de Programas Internacionais poderá rescindir a mobilidade concedida, correndo a cargo do profesorado os gastos ocasionados.

Condicións da mobilidade

Cando se pode realizar a mobilidade?

A mobilidade poderase realizar dende que se publique a lista definitiva coa persoa seleccionada, e debe estar rematada o 31-05-2024.

No momento de realizar a mobilidade o persoal seleccionado debe estar dentro do cadro de persoal do centro.

Canto pode durar a mobilidade?

A duración da mobilidade ten que ser de 5 días, á que se lle poden sumar 2 días de viaxe, 1 de ida e 1 de regreso.

Que se pode facer durante a mobilidade?

As modalidades a elixir son:

- Aprendizaxe: recibir formación nun centro/entidade no estranxeiro (non é posible asistir a Congresos, conferencias nin cursos de idiomas)

- **Job shadowing**: coñecer o proceso de ensinanza nun centro no estranxeiro, ou aprendizaxe nunha empresa

En que país se pode realizar a mobilidade?

Fóra de España, en calquera país da UE, tanto nos territorios continentais coma nos insulares.

Cal é o importe aproximado da bolsa e que cubre?

A axuda total aproximada de 1000 € (dependendo do país de destino), destinados aos gastos de viaxe, aloxamento, manutención e taxas dos cursos durante a estancia.

Cando se recibe o importe da bolsa?

Antes de realizar a mobilidade, aínda que pode ser necesario adiantar cartos (reserva de cursos, voos, aloxamentos,...).

Procedementos de solicitude

Cando se pode solicitar esta convocatoria?

Dende o día **21/12/2023** ata o **15/01/2024**, ambos incluídos.



Como se pode solicitar a participación nesta convocatoria?

Hai que cumprimentar os datos requiridos no formulario

https://ec.europa.eu/eusurvey/runner/PERSOAL_CM_23-24

e achegar no propio formulario a documentación xustificativa do cumprimento dos criterios de selección.

Criterios de selección

Os criterios de selección son os detallados nas seguintes táboas. Resultará seleccionado/a aquel/a profesor/a que, cumprindo os requisitos para poder participar na convocatoria, acade unha valoración de méritos máis alta. En caso de recibir máis solicitudes ca prazas, publicarase unha lista de profesorado suplente. En caso de empate nos méritos, daráselle prioridade á persoa que non tivera participado nunha mobilidade Erasmus + no noso centro na convocatoria anterior.

Se o número de solicitudes supera o número de vacantes dispoñibles, as persoas que disfrutaran dunha mobilidade na convocatoria anterior en Educación Superior e/ou Formación Profesional, pasarán á lista de suplentes, dando así prioridade aos docentes que non teñan realizado ningunha mobilidade na convocatoria anterior.

ANTIGÜIDADE NO CENTRO (máx. 5 puntos)		
Con destino definitivo	> 5 anos	5 puntos
Con destino definitivo	<= 5 anos	3 puntos
Con destino provisional	> 3 anos	2 puntos
Con destino provisional	<= 3 anos	1 punto

COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS EN IDIOMAS ESTRANXEIROS (máx. 5 puntos)			
Valorables os sinalados na Orde do 21 de xuño de 2016 (DOG 07/07/2016)			
No mesmo idioma so se valorará o nivel mais alto.			
Certificados Oficiais	Nivel	C2	3 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	C1	2,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B2	2 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B1	1,5 puntos

FORMACIÓN EN ERASMUS + (máx. 1 punto)	
Cursos ou Xornadas relacionadas coa temática Erasmus+	
Por cada asistencia a xornadas ou cursos de formación	0,25 puntos

POR CADA ANO DE EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS ERASMUS + (máx. 5 puntos)	
Por cada ano de Coordinación do Equipo de Programas Internacionais do centro	1 punto
Por cada ano de pertenza ó Equipo de Programas Internacionais do centro	0,75 puntos
Por cada ano de Coordinación do Equipo de Programas Internacionais/Equipo Erasmus noutro centro educativo	0,50 puntos
Por cada ano de pertenza ó Equipo de Programas Internacionais/Equipo Erasmus noutro centro educativo	0,25 puntos